

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 16 DE MARZO DE 2010

LICENZAS

FAVORABLES

Lic/1650/2007.- Inmobiliaria Paxonal, S. L.- Modificación das condicións da licenza concedida por acordo da X.G.L. DE 19/05/2008, autorizando o uso residencial en planta baixa, para dúas vivendas de tres dormitorios e un estudio na rúa do Vieiro – PERI do Vieiro – Bloque 2.

Lic/1828/2009.- Comunidade de Propietarios do Bloque 15 García Lorca.- Instalación dun ascensor na rúa García Lorca nº 2.

DENEGADAS

Lic/315/2010.- Manuel Perol Carro.- Ampliación de vivenda en rúa Suarribas.

PARCELACIONES

Lic/1987/2007.- Construlart Unión, S. L.- Parcelación urbanística dunha parcela sita na rúa do Avío nº 1. (-).

RECURSO DE REPOSICIÓN

Lic/38/2009.- Olga Regueiro Rivas.- Rexeitar o recurso de reposición interposto contra a resolución da Xunta de Goberno Local do 1/12/2009 polo que se acorda denegar a licenza solicitada para instalación dun ascensor exterior no edificio sito na rúa García Prieto nº 23 – 25.

Lic/761/2005.- Manuel Otero Cabanas.- Rexeitar o recurso de reposición interposto contra o acordo da Xunta de Goberno Local do 10/12/2009, polo que se denega ó interesado a legalización do recheo de terras levado a cabo no lugar de Lamas, parroquia de Carballal, parcela 120 do Plano Xeral de Concentración Parcelaria e autorización dun novo recheo.

DEVOLUCIONS DE FIANZA

1740/09.- Josefa Martínez Alvarez.- Expte. Lic/782/1997 256.000 ptas (1.538,59 €).-

305/10.- Avelino Alvarez Blanco.- Expte. Lic/1087/2006 6.000 €.-

APERTURAS

Lap/144/2008.- Javier Ramos Grille.- Apertura dun taller mecánico en rúa de San Cristobo, 47. Informar favorablemente e remitir á Consellería de Medio Ambiente.

OCIHR

LICENZAS

PROCEDEMENTO SANCIONADOR

DIS/579/2009.- Estimación parcial do recurso de reposición interposto Dna. María Reina D'Hoore Sánchez en representación de LCA Laboratorio Colaboración Artística e imposición de sanción de 250 €

DEVOLUCIÓN DE FIANZAS

LIC/88/2010.- MONTELNOR.- Devolución de fianza en garantía da licenza de canalización na rúa da Senra 25 (Lic./894/2007). O importe da fianza é de 1.000€.

DIS/412/2009.- BENEDICTO OTERO BARRAL.- Devolución de fianza de 601 € depositada en garantía da ocupación da vía pública en Ruela das Fontiñas nº 1.

6.- Propostas relativas a expedientes de contratación.

- Autorízase a prórroga do contrato de reurbanización da rúa do Cruceiro do Gaio e Poza do Bar subscrito coa empresa EXTRACO CONSTRUCCIÓN E PROXECTOS, S.A. en oito semanas, sendo a nova data de remate o 27 de marzo de 2010.

- Elévese a definitiva a adxudicación provisional do contrato de dirección facultativa das obras de reurbanización dos contornos urbanos de acceso á cidade: Galeras-Salvadas-Vista Alegre á empresa OFICINA DE PLANEAMIENTO S.A., por importe de 48.000 euros.

- Adxudícase provisionalmente o servizo de dirección facultativa media e coordinación de seguridade e saúde das obras de reurbanización dos contornos urbanos de acceso á cidade:

Galeras-Salvadas-Vista Alegre á empresa PROYFE, S.L., por importe de 51.900 euros máis IVE.

- Adxudícase provisionalmente o servizo de dirección facultativa media e coordinación de seguridade e saúde das obras de reurbanización de contornos urbanos de acceso á cidade: Rosalía de Castro, dende Romero Donallo-Santa Marta-Choupana-Volta do Castro á empresa PROYFE, S.L., por importe de 42.000 euros máis IVE.

- Autorízase a prórroga do contrato de obras de reurbanización do espazo público da rúa do Espírito Santo suscrito coa empresa EXTRACO CONSTRUCCIÓN E PROXECTOS, S.A., por un período de 3 meses, sendo a nova data de remate o 5 de xuño de 2010.

- Apróbase o prego de cláusulas administrativas e iníciase o expediente de contratación dos traballos de dirección facultativa das obras de substitución nos materiais e tecnoloxías nas redes de auga e saneamento; renovación das instalacións de alumado público, co obxecto de reducir o consumo enerxético; creación de infraestruturas para a recollida selectiva de lixo mediante colectores soterrados; e mellora de seguridade viaria e mobilidade na rúa Arzúa (A Almáciga), incluída no FES 2010, cun tipo de licitación de 28.175,33 euros máis IVE.

- Apróbase o prego de cláusulas administrativas e iníciase o expediente de contratación da dirección facultativa das obras de recuperación da zona verde na contorna do río Corvo (Salgueiriños), incluída no FES 2010, cun tipo de licitación de 23.191,82 euros máis IVE.

- Apróbanse os pregos e iníciase o expediente de contratación da dirección facultativa das obras de construción de centro sociocultural en Santa Marta, incluída no FES 2010, cun tipo de licitación de 47.421,04 euros máis IVE.

- Apróbase o proxecto e o prego de cláusulas administrativas, e iníciase o expediente de contratación das obras de substitución nos materiais e tecnoloxías na rede de auga e alumado público co obxecto de reducir o consumo enerxético, e mellora da seguridade vial e mobilidade na rúa Rei Alvite, incluída no FES 2010, establecéndose un tipo de licitación de 172.413,79 euros máis IVE.

7.- Proposta da concelleira delegada de Benestar social relativa á aprobación das bases e convocatoria para o outorgamento de autorización de cesión de espazos e recursos da Casa das Asociacións de Benestar Social do Concello a entidades ou Asociacións de Santiago de Compostela.

Apróbanse as devanditas bases e convocatoria, xunto cos impresos de solicitude, e procédese á apertura do prazo para que as entidades interesadas presentes as solicitudes de autorización correspondentes, segundo o procedemento regulado no citado documento.

8.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á designación de representante do Concello na comisión de escolarización para o curso 2010-2011.

Desígnase á concelleira de Educación, Mercedes Rosón, como representante municipal na devandita comisión.

9.- Proposta da concelleira delegada de Réxime Interior, Persoal e Reforma Administrativa relativa a Rexistros Auxiliares.

Acórdase a creación dun Rexistro Auxiliar do Rexistro Xeral de saída de documentación nos Servizos Sociais do Concello, situados na rúa Isaac Díaz Pardo 2-4, e ampliar o cometido de saída de documentación nos rexistros auxiliares do Ensanche e de Fontiñas.

10.- Actualización da Conta de liquidación provisoria da Reparcelación do polígono A do solo urbanizable non programado número 6 (SUNP-6) de San Lázaro. Liquidación da 1ª cota urbanización.

Apróbase inicialmente a devandita actualización, segundo o documento confeccionado pola Sección de Xestión Urbanística en febreiro de 2010.

11.- Proposta para ampliación do ámbito do proxecto de normalización de predios na ASD-13 na Avenida das Burgas. Campus Sur.

Acórdase ampliar o devandito ámbito (avenida das Burgas – travesa de San Lourenzo), coa inclusión das parcelas 3 A e 5.

12 a 14.- Propostas da concelleira delegada de facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

Concédense os beneficios fiscais solicitados.

15.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á solicitude de bonificación na taxa por postos e casetas de venda, espectáculos ou atraccións situados en terreo de uso público ou por venda de artesanía nas rúas, venda ambulante e rodaxe cinematográfica.

Concédese a bonificación solicitada.

16.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa a solicitudes de exención nas taxas pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.

Concédese a exención solicitada.

17.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa ao uso gratuíto dos estadios de San Lázaro e San Lázaro II por mor do Torneo Internacional de Fútbol SUB-19.

Autorízase o uso gratuíto do Estadio de San Lázaro o 31 de marzo, así como o campo anexo durante os días previos ao torneo.

18.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Fundación Residencia de Estudiantes para a itinerancia da Exposición "Las Misiones Pedagógicas 1931-1936".

Dáse conta da sinatura do devandito convenio.

URXENCIAS

1.- Apróbase o baremo económico que rexerá o acceso ao Servizo de Atención Domiciliaria e Comunitaria á Infancia, como anexo I do proxecto de regulamento de funcionamento do devandito servizo.

2.- Apróbase a concesión de varias axudas de carácter social, por un total de 2.632,5 euros.

3.- Apróbase a apertura dun novo proceso de selección de candidatos/as para cubrir as prazas desertas nas especialidades de xefes de equipo (2 prazas) e albanelería (17 prazas) dos Equipos de Obras e Emprego da Iniciativa Urbana Santiago Norte. Apróbase igualmente a solicitude de candidatos e candidatas ao Servizo Público de Emprego de Galicia para este proceso e a contratación dos 29 candidatos seleccionados pola Comisión de Selección o 12 de febreiro de 2010.

4.- Adxudícase provisionalmente o subministro de 4 turismos patrulla para a Policía Local á empresa NOYAMÓVIL S.L., por un importe de 80.603,45 euros máis IVE.

5.- Apróbase o prego de cláusulas administrativa e iníciase o expediente para a contratación da concesión de bens de uso público na Alameda, para a colocación de postos durante as festas da Ascensión e do Apóstolo no ano 2010.